PREGON DO NADAL EN BEGONTE

20 decembro 1986

1. Imos pregoa-lo Nadal, e ímolo pregoar desde Begonte, que é algo así como dicir: desde Belén, onde un día o pregoaron os anxos e mailos pastores. Ímolo pregoar desde unha ausencia, que se transforma por tantas razóns en presencia: a de D. Xosé Domínguez, que evocamos detrás das estrelas e dos anxos, e alí nun recuncho do portal, preto de María, Xosé e Xesús, que o recibiron definitivamente na súa compaña. Él é hoxe o principal pregoeiro do seu Belén e do seu Nadal ...

2. ¿É necesario pregoa-lo Nadal? Se pregoar non é máis que "anunciar", xa o temos abondo anunciado: os cregos nas igrexas, a televisión na publicidade, os comercios nos escaparates, as escolas nas vacacións... Pero aquí vimos facer algo máis que anunciar: tratamos de afondar no seu espírito, no seu misterio, nos seus ingredientes. Tratamos de contalo e de cantalo. Para iso está aquí a Coral. Eu poñerei por diante a "letra", ela poñerá despois a música. Esperemos que haxa unha boa sintonía entre ámbalas dúas cousas. O noso desexo, desde o comenzo, é que este Nadal en Begonte sexa celebrado coma sempre, e -se cabe- máis ca sempre, como algo máis noso e com-o algo máis de todos.

3. "Máis de todos": porque o Nadal é unha festa universal, que tódolos pobos e tódalas épocas incorporaron ás súas tradicións, ó seu folklore, ós seus sentimentos. ¡Cánto desa tradición fomos inxertando no noso xeito de celebralo e de re-presentalo!

Pero tamén "máis noso", é dicir máis galego. Porque Galicia tamén ten algo que expoñer, dicir e pregoar. Foi un acerto que D. Xosé Domínguez iniciara alá polo 1972 este Belén, e que o promocionase con toda unha serie de actividades que resultan verdadeiramente "nosas": música, poesía, representación plástica... Xesús nace en Galicia; é Deus connnosco, que pon a súa casiña no medio das nosas... Foi un acerto que se espallase por toda a nosa terra ese espectáculo-recital "Galicia canta ó Neno", ou o guión escénico de Carballo "Bon Nadal". O noso pasado musical e popular -escolma de vilancicos e panxoliñas-, e o noso presente máis comprometido

coa marxinac-ión e o mundo dos pobres -que repite o misterio do Nadal nas nosas rúas, chabolas, corredoirxas e pallozas- está aquí diante de nós, como representación simb-ólica e como chamada ó corazón dos homes, onde se verifica hoxe a verdadeira sustancia do Nadal.

4. O pregón de Belén anunciou: "Gloria a Deus no ceo, e paz na terra ós homes de boa fe". Son eles -¿somos nós?- os destinatarios deste pregón. "Homes de boa fe", que hoxe estamos aquí, sentíndonos protagonistas e espectadores daquel Belén de Palestina -faixa- -fai case 2.000 anos-, en que tamén había homes de boa fe, e destes outros Beléns -electrónicos ou vividos- em que Xesús ten arredor del as estrelas, os pastores, os pousadeiros, aquel portal que acolle as primeiras bágoas e os primeiros sorrisos de Xesús. A Madre Teresa de Calcuta é un testigo privilexiado deste novo xeito de nacer, e de espera-lo nacemento de Xesús, sendo "homes de boa fe".

5. ¿Qué ingredientes lle temos que poñer ó noso Nadal, para que sexa verdadeiramente "noso"? Eu suliñaría catro cousas que nos dan unha receta quizais ideal, pero non utópica:

a) sentimento relixioso: ben sabemos ata qué punto o Nadal está hoxe comercializado, coa súa barafunda de productos e diversións. É o Nadal como ocasión, como disculpa, ás veces como inxuria...

As Parroquias, as familias e asociac-ións, e principalmente iniciativas coma ésta de Begonte, ou xestos de solidaridade en favor dos que non teñen Nadal ou xeito de celebralo, representan a outra cara do Nadal, a xenuina, que non bota fóra a Xesús do seu Nadal, senon que o acolle devotamente, dignamente, como fixeron os pastores... e a súa Nai naquela noite boa. Neste caso "o Nadal é o mellor regalo".

b) a poesía: non se entende ben o Nadal senon desde a poesía; a poesía de Deus que dí a súa Palabra máxima de amor en Xesús; a poesía do mesmo misterio do Nadal, tal como nolo representan inxenuamente, franciscanamente, os Evanxelios; a poesía dos vilancicos e panxoliñas, das representacións teatrais, que comentan liricamente as incidencias do encontro e da presencia de Xesús no medio dos homes. Galicia ten un bo repertorio de recursos

poéticos ó servicio do Nadal, e principalmente ó servicio desa especial poesía da maternidade que anaina ó seu fillo pequeno. "Falade ben baixo, / petade pouquiño, / para que non esperte / o noso ruliño".

c) ó noso Nadal hai que poñerlle tamén: ledicia. Ledicia de boa lei, que non coincide tantas veces coa ledicia charangueira dos bares e discotecas, senon coa ledicia sinxela e popular, que se leva máis por dentro que por fora, e que compartimos limpamente cantando e troleando, sorrindo no posible a un mundo, a unhas noticias que nos poñen cara tráxica e agresiva. "A Belén vaise e vense por camiños de ledicia /, e Deus nace en cada home que se entrega ós demáis..."

d) por fin, ó noso Nadal, precisamente para que sexa máis noso, hai que poñerlle o que nos define como persoas e pobo: o noso ser galego, a galeguidade. Non é cuestión política nin sociolóxica, senon cuestión metafísica e humildemente teolóxica. Identificarnos cos compoñentes literarios, devocionais e musicais que afloran nas tradicións e nas cantigas do noso Nadal é identificarnos co noso pobo, coa súa alma e vida, co que Deus quixo regalarnos facéndonos nacer en Galicia: coa nosa saudade, tan fresca nas panxoliñas e cantigas; coa nosa intimidade silandeira e agarimo familiar; tamén coa nosa ironía e retranca; coa festa e ruada dos aturuxos e da pandeirada... Todo iso encontrámolo plasmado no folklore do noso Nadal galego: "Vinde galeguiños, vinde, / vinde con pandeiro e gaita..." "Con un sombreiro de palla / un galego ó portal foi:/ mentras adoraba ó Neno / comeulle o sombreiro o boi".

Sí, o pandeiro e a gaita, xunto con ese sentido dos diminutivos, esa comunión peculiar coa natureza e a paisaxe... están aí, nos nosos sentimentos e nas nosas verbas, diante dese berce "onde xa espera / o carrapuchiño". Xunto del "Nosa Señora fai medias / con nubeliños de luz, / algodán de lúa chea,/ e as medias son para Xesús".

6. O pregón desta noite quixera ser fiel a esta receta do Nadal: provocar en todos nós un pouco máis de sentimento relixioso, de poesía, de ledicia e de galeguidade. Non só con estas palabras do prólogo, senon moito máis fondamente coa música da Coral, que canta os vellos temas da liturxia e da "Noite boa", e a ledi-

cia enxebre das nosas panxoliñas. Para ela o mérito e o sabor deste pregón.

E se me permitides, un atrevemento final para ela e para todos vós, para este Belén de Begonte: uns versos que vos deixo como epílogo deste meu pobre discursiño nadalicio, e que titulei "Belén na nosa terra":

Begonte: en tí naceunos a Ledicia,
en tí encontrou Belén nova paisaxe;
e fíxose o milagre da engranaxe
entre a bíblica historia e a noticia.

Viven en tí as figuras, sen cobicia
o Misterio pregoa a súa mensaxe,
e o noso corazón volta de viaxe
dende o país lonxano ata Galicia.

Belén da nosa terra de labregos,
artellado en mecánicas entranas:
¡cánta verdade levan os teus regos!

E aló no fondo -estrelas no horizonte-
síntense latexa-las caravanas.
¡Deus baixa a visitarnos en Begonte!

Uxío García Amor